

ESTREA EN NUMAX: 27.05.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Alcaldessa (2016, 88')

Dirección: Pau Faus

Guión: Pau Faus, Ventura Durall

Participación: Ada Colau, Jaume Asens, Alfred Bosch, Jaume Collboni, El Gran Wyoming, Alberto Fernández Díaz, Pablo Iglesias, Gerardo Pisarello, Xavier Trias

Montaxe: Joan Manel Vilaseca, Alex García, Núria Campabadal

Son: Diego Pedragosa

Música: Diego Pedragosa

Fotografía: Pau Faus

Produtora: Nanouk Films (España)

Distribuidora: Nanouk Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA

Sí se puede. Siete días en PAH Barcelona, 2014

PREMIOS

Málaga 2016 —Biznaga de Prata á mellor dirección, sección Documentais—.

SINOPSE

Alcaldessa segue os pasos de Ada Colau durante un ano, desde os inicios da candidatura de Barcelona en Comú até o día en que é investida alcaldesa da capital catalá. A crónica íntima dos feitos reúne dous argumentos universais: a consecución dunha vitoria histórica, paradigma dos cambios políticos do sur de Europa, e o combate interior de alguén que se está a converter no que tantas veces cuestionou.

«Un filme interesante e necesario. Ás veces mesmo moi emocionante»

Nacho Sánchez. MÁLAGA HOY



Confesión a cámara aberta

Por Ana I. Bernal Triviño

Desafuzamentos, ocupacións de entidades bancarias, manifestacións... e, en todas elas, estaba a Ada Colau activista, que foi a portavoz da PAH. Entre as imaxes, unha frase que ela pronuncia con firmeza: «Non esquezamos nunca quen somos e por que estamos aquí». Por aquel entón, o arquitecto e director de curtametraxes Pau Faus xa tiña botado o ollo á PAH. «Fun a principios de 2013 por decisión persoal, porque me quería implicar para facer fotos e vídeos.

E, pouco a pouco, fun rexistrando o que acontecía en cada feito onde estaba a PAH». De aí xurdiu o documental *Sí se puede. Siete días en PAH Barcelona* (2014).

El estaba xa dentro da organización. Coñecía a Ada como unha compañeira máis e comezou a detectar que aqueles síntomas de cambio eran reais. «Eu vía que había un pouso, que ía a serio, que non ía ser unha cousa anecdótica. Primeiro pola reacción da xente. E, por outra banda, ela simbolizou esa figura de consenso arredor da cal moita xente logra poñerse de acordo. Non eran palabras baleiras, senón unha opción real con pes e cabeza».

No primeiro caso veu a creación da plataforma cidadá Guanyem. Logo, Barcelona en comú. E esa transición do activismo ás institucións é a que Faus rexistra en 200 horas de gravación. Un diario persoal de Colau que achega, con equilibrio, un acceso directo ás entrañas dunha campaña electoral histórica. O reto estaba en pasar das pequenas vitorias da PAH ás grandes, e aí é como un David enfrontándose a Goliat.

É cando aparece unha Ada Colau que se amosa vulnerábel e dubitativa. Cando comproba os condicionantes económicos e de cotas dos partidos. A entón candidata íspese ante a cámara. Sincérase. Chora cando a realidade a desborda, vive as contradicións en carne propia, fai autocrítica e recoñece a súa inxenuidade pensando que todas as adversidades (desde críticas de partidos até ameazas de morte) serían insuperábeis a isto. Mesmo recoñece levar unha «hostia monumental» ao

pasar da política da cooperación á realpolitik, mais nunca como debilidade. Tamén están os días de cansazo e costa arriba, cando expresa entre bágoas: «Emociónome falando da PAH.

Boto de menos a PAH».

Rexístrase a construción do equipo pouco a pouco, as reunións, as estratexias, os discursos, as opinións, os abstencionistas, a preparación aos debates, os encerados repletos de temas e o papel dos voluntarios. Mais tamén a Ada Colau nai, que grava un vídeo-diario co seu fillo Lucas, nun día que non quería ir ao cole porque levaba moito tempo sen vela.

Faus non considera que se poida etiquetar este traballo como unha homenaxe á figura de Colau. «Non queríamos iso. Móstranse tamén contradicións e momentos de tensión dentro do propio partido, cando se debate o camiño a seguir ou determinadas estratexias (...) Non o digo como algo negativo, pero dubido que Ada ou calquera político profesional se mostrase así agora, co bo e o malo. Agora hai máis presión mediática. Contamos algo en vivo e en directo, non é retrospectivo. Non é igual falar en pasado que explicar en tempo real. Está fresco, ves a dúbida, conectas co que acababa de pasar. Estar aí dentro mentres pasaba é o principal valor do documental».

Colau viu o resultado deste traballo e segundo Faus, «por unha banda emocionouse ao revivir eses feitos e, noutros, removeuse un pouco no asento. Supoño que nalgúns momentos era consciente de que hai cousas que, a día de hoxe, non expresaría dese xeito». Unha mostra que reflicte o seu discurso político e un retrato humano cun plus de sinxeleza, calidade e humanidade. A imaxe do triunfo é a de Ada na alcaldía de Barcelona. A vitoria doce. E co peche dunha frase que identifica a traxectoria de Colau, mais tamén a esencia deste documental: «Non esquezamos nunca quen somos e por que estamos aquí».

Publicado en <http://www.publico.es/>
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Non nos representen! Joaquín Miras.

Corsarias, 2016

CUP, David Fernández.

Capitán Swing, 2016

Hacia nuevas instituciones democráticas.

Fundación de los Comunes (Ed.)

Traficantes de Sueños, 2016

La apuesta municipalista.

Observatorio Metropolitano.

Traficantes de Sueños, 2014

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org